

PROBA TIPO TEST – 29/04/2024

1.- Segundo o art. 63 LCSP, non será preciso publicar no perfil do contratante...

- a) importe de adxudicación do contrato, incluído o IVE.
- b) A suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.
- c) O número e identidade dos licitadores.
- d) A xustificación do emprego do procedemento restrinxido para a adxudicación do contrato.**

2.- Segundo o art. 39 LCSP, é unha causa de nulidade de dereito administrativo dos contratos:

- a) incumprimento dos requisitos esixidos para a modificación dos contratos establecidos nos arts. 204 e 205 LCSP.
- b) A insuficiencia de crédito orzamentario para financiar o contrato, agás nos supostos de emerxencia.**
- c) As resolucións dos poderes adxudicadores que lle outorguen, directa ou indirectamente, vantaxes a empresas que contrataran previamente coa Administración.
- d) Calquera das causas de invalidez dos contratos recoñecidas polo dereito civil.

3.- Segundo o art. 101 LCSP, o valor estimado dos contratos...

- a) Calcularase tendo en conta a contía dos pagos aos licitadores que se previsen.**
- b) Non comprenderá as eventuais prórrogas do contrato.
- c) Calcularase imputando o dobre do importe máximo das modificacións do contrato previstas no anuncio de licitación.
- d) Determinarase tendo en conta que a porcentaxe de beneficio industrial do contratista será do 6 %.

4.- Sinala a resposta incorrecta segundo o disposto polo artigo 119 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que regula a tramitación urxente do expediente. Acordada a apertura do procedemento de adxudicación, os prazos establecidos nesta Lei

para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade, salvo os seguintes:

- a) Os prazos de presentación de solicitudes e de proposicións nos procedementos restrinxido e de licitación con negociación nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, que se poderán reducir segundo o establecido no segundo parágrafo do apartado 1 do artigo 161 e na letra b) do apartado 1 do artigo 164, segundo o caso.
- b) O prazo de 6 días como moi tarde antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, para que os servizos dependentes do órgano de contratación faciliten ao candidato ou licitador a información adicional solicitada, será de 4 días como moi tarde antes de que finalice o citado prazo nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada.**
- c) Os prazos de presentación de solicitudes nos procedementos de diálogo competitivo e de asociación para a innovación en contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, non serán susceptibles de reducirse.
- d) O prazo de quince días hábiles establecido no apartado 3 do artigo 153, como período de espera antes da formalización do contrato.

5.- Segundo o artigo 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que regula a adxudicación dos contratos:

- a) Cando o único criterio para seleccionar ao adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde a apertura das proposicións.
- b) Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, ou utilizándose un único criterio sexa este o do menor custo do ciclo de vida, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde o día seguinte ao da apertura das proposicións, salvo que se establecese outro no prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) Os prazos anteriores ampliaranse en quince días cando haxa que xustificar ofertas anormalmente baixas.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.**

6.- Sinale a resposta correcta segundo o disposto polo artigo 69 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que regula as unións de empresarios:

- a) Poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa elevación a escritura pública ata que se efectuase a formalización do contrato adxudicado ao seu favor.
- b) Se durante a tramitación dun procedemento e antes da adxudicación do contrato se producise a modificación da composición da unión temporal de empresas, esta quedará excluída do procedemento.
- c) **Para os efectos de valorar e apreciar a concorrencia do requisito de clasificación, respecto dos empresarios que concorran agrupados atenderase, na forma que regulamentariamente se determine, ás características acumuladas de cada un deles, expresadas nas súas respectivas clasificacións. En todo caso, será necesario para proceder a esta acumulación que todas as empresas obtivesen previamente a clasificación como empresa de obras, sen prexuízo do establecido para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea e de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo no apartado 4 do presente artigo.**
- d) Non terá a consideración de modificación da composición a alteración da participación das empresas sempre que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar e que se manteña a solvencia, a capacidade ou clasificación exixida.

7.- Segundo o artigo 104 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cando a cláusula de revisión se aplique sobre períodos de tempo nos que o contratista incorrese en mora e sen prexuízo das penalidades que fosen procedentes, os índices de prezos que deberán ser tidos en conta:

- a) Serán aqueles que correspondesen ás datas establecidas no contrato para a realización da prestación en prazo, salvo que os correspondentes ao período real de execución produzan un coeficiente distinto; nese caso aplicaranse estes últimos.
- b) Serán aqueles que correspondesen ás datas establecidas no contrato para a realización da prestación en prazo, salvo que os correspondentes ao período real

de execución produzan un coeficiente superior; nese caso aplicaranse estes últimos.

- c) Serán establecidos por Orde do Ministerio de Facenda e Función Pública, a proposta do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.
- d) Serán aqueles que correspondesen ás datas establecidas no contrato para a realización da prestación en prazo, salvo que os correspondentes ao período real de execución produzan un coeficiente inferior; nese caso aplicaranse estes últimos.**

8.- Segundo o artigo 154 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que regula o anuncio de formalización dos contratos:

- a) A formalización dos contratos deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días hábiles tras a adxudicación do contrato no perfil de contratante do órgano de contratación.
- b) O órgano de contratación, cando proceda, enviará o anuncio de formalización ao «Diario Oficial da Unión Europea» non antes de que transcorra o prazo de 10 días despois da formalización do contrato.
- c) A adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco ou dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, xa perfeccionados en virtude do establecido no artigo 36.3, publicarase trimestralmente polo órgano de contratación dentro dos 30 días seguintes ao fin de cada trimestre, na forma prevista no presente artigo.**
- d) A formalización dos contratos menores serán obxecto de publicación ao menos trimestralmente nas condicións establecidas no apartado 4 do artigo 63.

9.- Segundo o disposto no artigo 39 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cal das seguintes non é unha causa de nulidade de pleno dereito dos contratos celebrados por poderes adxudicadores?

- a) A falta de publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ou nos servizos de información similares das Comunidades Autónomas, no «Diario Oficial da Unión Europea» ou no medio de publicidade en que sexa preceptivo, de conformidade co artigo 135.

- b) **Todas aquelas disposicións, resolucións, cláusulas ou actos emanados de calquera poder adjudicador que outorguen, de forma directa ou indirecta, vantaxes ás empresas que tivesen contratado previamente con calquera Administración.**
- c) O incumprimento das normas establecidas para a adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco celebrado con varios empresarios, sempre que o dito incumprimento tivese determinado a adxudicación do contrato de que se trate a outro licitador.
- d) O incumprimento das normas establecidas para a adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco celebrado con varios empresarios ou dos contratos específicos baseados nun sistema dinámico de adquisición no que estivesen admitidos varios empresarios, sempre que o devandito incumprimento tivese determinado a adxudicación do contrato de que se trate a outro licitador.

10.- Segundo o artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, non poderán contratar coas entidades previstas no artigo 3 da presente Lei cos efectos establecidos no artigo 73, as persoas nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Non cumprir o requisito de que polo menos o 3 por cento dos seus empregados sexan traballadores con discapacidade no caso de empresas de máis de 50 traballadores.
- b) **Ter sido sancionadas con carácter firme por infracción grave ou moi grave en materia de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación e identidade sexual, expresión de xénero ou características sexuais, cando se acorde a prohibición nos termos previstos na Lei para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.**
- c) No caso de empresas de 250 ou máis traballadores, non cumprir coa obriga de contar cun plan de igualdade de acordo co disposto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.
- d) Ter sido sancionadas con carácter firme por infracción moi grave en materia profesional que poña en entredito a súa integridade ou por infracción grave en materia medioambiental.

11.- Segundo o artigo 99 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do

Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato:

- a) Cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras e de concesión de servizos.
- b) Cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras.**
- c) Cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de obras, de concesión de obras e de concesión de servizos.
- d) Cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de servizos.

12.- Segundo o artigo 103 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, quen poderá aprobar as fórmulas tipo de revisión periódica e predeterminada para os contratos previstos no seu apartado 2?:

- a) Consello de Ministros, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado e da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.**
- b) O Ministro de Facenda e Función Pública, mediante Orde, logo de informe do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.
- c) O Consello de Ministros, logo de Orde do Ministro de Facenda e Función Pública, a proposta do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.
- d) O Consello de Ministros, logo de informe do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado e a proposta do Ministro de Facenda e Función Pública.

13.- Segundo o disposto polo artigo 79 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que regula os criterios aplicables e condicións para a clasificación das empresas:

- a) A clasificación das empresas farase en función da súa solvencia, valorada conforme aos criterios regulamentariamente establecidos de entre os recollidos nos artigos 87, 88 e 90, e determinará os contratos a cuxa adxudicación poidan

concorrer ou optar por razón do seu obxecto e da súa contía. Para estes efectos, os contratos dividiranse en grupos xerais e subgrupos, en función da súa contía, e dentro destes por categorías, pola súa peculiar natureza.

- b) A expresión da contía efectuarase por referencia ao prezo do contrato, cando a duración deste sexa igual ou inferior a un ano, e por referencia ao seu valor estimado, cando se trate de contratos de duración superior.
- c) Naquelas obras cuxa natureza se corresponda con algúns dos tipos establecidos como subgrupo e non presenten singularidades diferentes ás normais e xerais á súa clase, exixirase soamente a clasificación no grupo xenérico correspondente.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

14.- Segundo establece o artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados necesitarán autorización do Consello de Ministros, no caso dos órganos das entidades do sector público estatal que teñan a condición de poder adxudicador:

- a) Cando o importe do gasto que derive do encargo, sexa superior a seis millóns de euros.
- b) Cando o importe do gasto que derive do encargo, sexa igual ou superior a doce millóns de euros.**
- c) Cando o importe do gasto que derive do encargo, sexa superior a tres millóns de euros.
- d) Cando as modificacións de encargos autorizados polo Consello de Ministros sexan iguais ou superiores ao 20 % do importe do encargo.

15.- Segundo o artigo 73 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a inscrición da prohibición de contratar no Rexistro de Licitadores correspondente:

- a) Caducará, nos casos en que por sentenza penal firme así se prevexa, no prazo previsto nela, debendo procederse de oficio á súa cancelación no dito Rexistro tras o citado prazo.

- b) En defecto de previsión, esa duración non poderá exceder de cinco anos desde a data da condena por sentenza firme, debendo procederse de oficio á súa cancelación no dito Rexistro tras o citado prazo.
- c) Caducará, no resto dos supostos, nun prazo que non poderá exceder de tres anos, debendo procederse de oficio á súa cancelación no dito Rexistro tras o citado prazo.
- d) Caducará pasados 3 meses desde que termine a súa duración, debendo procederse de oficio á súa cancelación no dito Rexistro tras o citado prazo.**

16.- Segundo o artigo 212 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos:

- a) No prazo máximo de doce meses.
- b) No prazo máximo de oito meses.**
- c) No prazo máximo de seis meses.
- d) No prazo máximo de catro meses.

17.- Segundo dispón o artigo 169 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que regula a tramitación do procedemento de licitación con negociación, os órganos de contratación informarán por escrito a todos os licitadores cuxas ofertas non fosen excluídas, de todo cambio nas especificacións técnicas ou outra documentación da contratación que non estableza os requisitos mínimos a que se refire o artigo 166:

- a) E estes deberán presentar unha nova oferta revisada dentro do prazo dos quince días seguintes ao da recepción da comunicación por escrito.
- b) E daranlles prazo suficiente para que presenten unha nova oferta revisada.**
- c) E estes deberán presentar unha nova oferta revisada dentro do prazo dos dez días seguintes ao da recepción da comunicación por escrito.
- d) E daranlles un prazo de cinco días para que presenten unha nova oferta revisada.

18.- Segundo o artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de

2014, a celebración dos subcontratos estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a subcontratación. En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, e xustificando suficientemente a súa aptitude para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos dos que dispón e a súa experiencia, e acreditando que non se encontra incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71.
- b) Que a actividade concertada con terceiros non exceda do 20 por cento do importe do contrato e o dito importe non sexa superior a 60.000 euros.
- c) Que o contratista teña executado ao menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato.
- d) Nos contratos de carácter secreto ou reservado, ou naqueles cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais de acordo con disposicións legais ou regulamentarias ou cando o exixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado, a subcontratación requirirá sempre autorización expresa do órgano de contratación.**

19.- Poderán aplicar o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas todas as empresas que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data do peche de cada un deles...

- a) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a 50 e que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os oito millóns de euros.**
- b) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a 50.
- c) Que o total de partidas do activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros.
- d) Ningunha das anteriores.

20.- Cantos grupos de contas ten o PXC de Pequenas e Medianas Empresas?

- a) Seis grupos

b) Sete grupos

c) Cinco grupos

d) Oito grupos

21.- En que grupos se atopan as contas de xestión?

a) Grupos 2 e 3

b) Grupos 1 ao 5

c) Grupos 4 ao 7

d) Grupos 6 e 7

22.- Ao contabilizar unha venda a crédito intervirán estas contas:

a) No Debe a 430 Clientes e no Haber a 570 Caixa

b) No Debe a 700 Ventas e no Haber a 430 Clientes

c) No Debe a 430 Clientes e no Haber a 700 Ventas

d) No Debe a 570 Caixa e no Haber 430 Clientes

23.- Cal é a primeira conta do Plan Xeral Contable para Pequenas e Medianas Empresas?

a) Resultado do exercicio

b) Capital Social

c) Caixa

d) Reservas voluntarias

24.- A empresa que cumprindo os requisitos esixidos no artigo 2, opte pola aplicación do PXC de Pequenas e Medianas Empresas, deberá aplicalo

a) As tres primeiras partes

b) A primeira, a terceira e a quinta parte

c) A primeira parte

d) De forma completa

25.- En que parte do PXC de Pequenas e Medianas Empresas se recollen tanto as normas de elaboración das contas anuais coma os modelos das contas anuais das pequenas e

medianas empresas

- a) Na primeira parte
- b) Na quinta parte
- c) Na cuarta parte
- d) Na terceira parte**

26.- En que parte do PXC de Pequenas e Medianas Empresas se establecen os principios contables

- a) Na segunda parte
- b) Na cuarta parte
- c) Na primeira parte**
- d) En ningunha das partes do PXC de pequenas e medianas empresas

27.- Indica que contido se recolle na primeira parte do PXC de Pequenas e Medianas Empresas

- a) Modelos das contas anuais
- b) Criterios de valoración
- c) Principios contables
- d) As respostas b e c son correctas**

28.- No PXC de Pequenas e Medianas Empresas, cal das seguintes contas non pertence ao grupo 6?

- a) Compra de mercadorías
- b) Arrendamentos e canons
- c) Envases**
- d) Compra de materias primas

29.- Segundo o PXC de Pequenas e Medianas Empresas, se falamos de bens, dereitos e outros recursos controlados economicamente pola empresa, resultantes de sucesos pasados, dos que se espera que a empresa obteña beneficios ou rendementos económicos no futuro, estamos a falar de:

- a) Pasivos

b) Patrimonio neto

c) Activos

d) Ningunha é correcta

30.- O Real Decreto polo que se aproba o PXC de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas é

a) Real Decreto 1015/2007, de 16 de novembro

b) Real Decreto 1515/2007, de 16 de novembro

c) Real Decreto 151/2017, de 16 de decembro

d) Real Decreto 1515/2007, de 16 de febreiro

31.- Para contabilizar a parte da Seguridade Social que a empresa paga polos seus traballadores utilízase

a) 623 Servizo profesionais independentes

b) 642 Seguridade Social a cargo da empresa

c) 640 Soldos e salarios

d) 641 Indemnizacións

32.- A que grupo de contas pertence a conta Clientes

a) Grupo 2. Activo non corrente

b) Grupo 3. Existencias

c) Grupo 4. Acredores e debedores por operacións comerciais

d) Grupo 5. Contas financeiras

33.- As contas anuais deben amosar a imaxe fiel

a) Do activo da empresa

b) Da situación económica e do patrimonio da empresa

c) Da situación financeira e económica da empresa

d) Do patrimonio da empresa, da situación financeira e do resultado do exercicio

34.- Segundo establece o PXC de Pequenas e Medianas Empresas, as contas anuais

elaboraranse cunha periodicidade de, agás nos casos de constitución, modificación da data de peche do exercicio social ou disolución.

- a) **Doce meses**
- b) Seis meses
- c) Tres meses
- d) Ningunha é correcta

35.- A data de entrada en vigor do PXC de Pequenas e Medianas Empresas foi o:

- a) 1 de febreiro de 2008
- b) 30 de decembro de 2007
- c) **1 de xaneiro de 2008**
- d) O día da súa publicación

36.- Segundo o art. 51 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias e en aplicación do principio de igualdade, deberán:

- a) **Avaliar periodicamente a efectividade do principio de igualdade.**
- b) Favorecer a presenza maioritaria de mulleres nos órganos de selección e valoración.
- c) Fomentar a conciliación da vida persoal e familiar no acceso ao emprego público.
- d) Impulsar a presenza de mulleres nos órganos de goberno.

37.- Segundo o art. 8 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes a discriminación por embarazo ou maternidade é considerada:

- a) **discriminación directa por razón de sexo**
- b) discriminación indirecta por razón de sexo
- c) discriminación negativa por razón de sexo
- d) discriminación indirecta por razón de xénero

38.- Segundo o art. 55 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes a aprobación de convocatorias de probas selectivas para o acceso ao emprego público deberá acompañarse de:

- a) un plan de igualdade
- b) **un informe de impacto de xénero**
- c) ningunha é correcta
- d) a preferencia da muller na selección

39.- Segundo o art. 4 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres y homes é un principio:

- a) sancionador do ordenamento xurídico
- b) **informador do ordenamento xurídico**
- c) aplicable no procedemento administrativo común.
- d) c) a e b son correctas

40.- Segundo o art. 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes están obrigadas a elaborar e aplicar un plan de igualdade as empresas:

- a) **con 50 ou máis traballadores**
- b) que teñan a condicións de contratistas ou subcontratistas dos poderes adxudicadores.
- c) con 250 ou máis traballadores
- d) cotizadas nos mercados secundarios.

41.- Segundo establécese no artigo 7.1 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de 14 anos, excepto:

- a) Os supostos en que a lei non esixa a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico en cuxo contexto se solicita o consentimento para o tratamento
- b) Os supostos en que un regulamento permita a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico en cuxo contexto se solicita o consentimento para o tratamento

- c) **Os supostos en que a lei esixa a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico en cuxo contexto se solicita o consentimento para o tratamento**
- d) Os supostos de risco nos que un regulamento dispense da asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico en cuxo contexto se solicita o consentimento para o tratamento

42.- En relación aos tratamentos con fins de videovixilancia, o artigo 22.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, establece que os datos serán suprimidos:

- a) **No prazo máximo dun mes desde a súa captación, salvo cando houberen de ser conservados para acreditar a comisión de actos que atenten contra a integridade de persoas, bens ou instalacións**
- b) No prazo máximo de dous meses desde a súa captación, salvo cando houberen de ser conservados para acreditar a comisión de actos que atenten contra a integridade de persoas, bens ou instalacións
- c) No prazo máximo de tres meses desde a súa captación, salvo cando houberen de ser conservados para acreditar a comisión de actos que atenten contra a integridade de persoas, bens ou instalacións
- d) No prazo máximo de quince días desde a súa captación, salvo cando houberen de ser conservados para acreditar a comisión de actos que atenten contra a integridade de persoas, bens ou instalacións

43.- A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais ten por obxecto garantir os dereitos dixitais da cidadanía conforme ao mandato establecido no artigo:

- a) 9.3 da Constitución española
- b) 14 da Constitución española
- c) **18.4 da Constitución española**
- d) 35.1 da Constitución española.

~~44.- En que data entrou en vigor a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: (PREGUNTA ANULADA)~~

- ~~a) 7 de decembro de 2018.~~
- ~~b) o 8 de decembro de 2018.~~

~~e) o 8 de decembro de 2018.~~

~~d) o 6 de decembro de 2018.~~

45.- Segundo dispón o artigo 33 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, no ámbito do sector público poderanse atribuír as competencias propias dun encargado do tratamento a:

- a) A Administración das comunidades autónomas.
- b) Todas son correctas.**
- c) As entidades que integran a Administración local.
- d) Un determinado órgano da Administración xeral do Estado.

46.- Segundo se establece na Lei 39/2015, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen un prazo máximo para resolver nos procedementos iniciados por solicitude do interesado:

- a) O prazo será de 3 meses contados dende a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para a súa tramitación**
- b) O prazo será de 3 meses contados desde a data en que a solicitude fose recibida polo órgano competente para resolver
- c) O prazo será de 3 meses contados desde a data en que se abriu o correspondente expediente para a súa tramitación
- d) O prazo será de 6 meses contados desde a data en que a solicitude fose recibida polo órgano competente para resolver

47.- No artigo 21 da Lei 39/2015 dispónse que a Administración non está obrigada a ditar resolución expresa en:

- a) Os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio**
- b) Os casos de caducidade do procedemento
- c) Os casos de prescrición
- d) Os casos de renuncia do dereito

48.- De conformidade co disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- a) **Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, excepto o recurso extraordinario de revisión.**
- b) Contra a resolución dun recurso de alzada poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición
- c) Contra a resolución dun recurso de alzada non se poderá interpoñer ningún recurso
- d) Contra a resolución dun recurso de alzada só se poderá interpoñer o recurso especial ou recurso de amparo

49.- Segundo o disposto na Lei 39/2015, nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable a el, a Administración:

- a) Advertiralle que transcorridos dous meses, producirase a caducidade do procedemento
- b) Procederá a archivar o expediente sen necesidade de comunicáresllo ao interesado
- c) Advertiralle que transcorridos catro meses, producirase a caducidade do procedemento
- d) **Advertiralle que transcorridos tres meses, producirase a caducidade do procedemento**

50.- Segundo o art. 2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, teñen a consideración de Administracións Públicas:

- a) A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local, calquera organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas, así como as entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das Administracións Públicas, que estarán suxeitas ao disposto nas normas desta Lei, salvo cando exerzan potestades administrativas.
- b) **A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local, así como calquera organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas.**

- c) A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local, calquera organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas, así como as Universidades públicas, que se rexerán polas previsións desta Lei.
- d) A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local, así como as Corporacións de Dereito Público que se rexerán polo dereito administrativo sempre que actúen no exercicio das funcións públicas que lles foron atribuídas por lei ou delegadas por unha Administración Pública.

R1.- Segundo o art. 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, é unha afirmación falsa:

- a) Son nulos de pleno dereito os actos das Administracións Públicas ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- b) Son nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren outras disposicións administrativas de rango superior.
- c) Son nulos de pleno dereito os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- d) Son nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras favorables ou restritivas de dereitos.**

R2.- Segundo o art. 10 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, os actos xurídicos que constitúan ou causen discriminación por razón de sexo son:

- a) anulables, sen prexuízo de dar lugar a responsabilidade a través dun sistema de reparacións ou indemnizacións que sexan reais, efectivas e proporcionadas ao prexuízo causado.
- b) nulos e sen efecto, e darán lugar a responsabilidade a través dun sistema de reparacións ou indemnizacións que sexan reais, efectivas e proporcionadas ao prexuízo causado.**
- c) nulos e, nos supostos de discriminación directa, darán lugar a responsabilidade nos casos de discriminación a través dun sistema de reparacións ou indemnizacións que sexan reais, efectivas e proporcionadas ao prexuízo causado.

d) anulables cando constitúan un suposto de discriminación directa e inmediata, dando lugar á obriga de reparación ou indemnización dos danos proporcionais.

R3.- En cantas partes se divide o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas?

- a) Dúas partes
- b) Tres partes
- c) Catro partes
- d) Cinco partes**

R4.- O importe estimado de débedas tributarias cuxo pagamento está indeterminado en canto ao seu importe exacto ou á data en que se producirá, dependendo do cumprimento ou non de determinadas condicións é

- a) Provisión para outras responsabilidades
- b) Provisión para impostos**
- c) Provisión por desmantelamento, retiro ou rehabilitación do inmovilizado
- d) Provisión para actuacións medioambientais

R5- Segundo o art. 159.6 LCSP, no procedemento aberto simplificado abreviado...

- a) O adxudicatario estará eximido de constituír garantía definitiva.**
- b) Non se requirirá que os licitadores acrediten a súa solvencia técnica ou profesional pero si a económica e financeira.
- c) O prazo para a presentación de proposicións non poderá superar os 10 días hábiles.
- d) Cando se trate da compra corrente de bens dispoñibles no mercado o prazo de presentación de proposicións será de 5 días naturais.